

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A INSTALACIÓN DO VERTEDOIRO PROMOVIDO POR RECICLAJE AMBIENTAL LESTA, S.L NA COMARCA DE ORDES**

A empresa Reciclaje Ambiental Lesta, S.L. está a promover no Concello de Ordes, o proxecto dun novo Vertedoiro de residuos non perigosos cunha vida útil de 20 anos e unha capacidade total de 1.654.169 toneladas.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental publicou no DOG do 2 de xuño de 2016 o anuncio polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos, pretendida por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental publicou no DOG do 24 de agosto de 2016 o anuncio polo que se reabría o prazo de información pública, por un prazo de sete días hábiles, relativo á solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes, por detectarse que a documentación en exposición fora retirada da páxina web un día antes do vencemento de tal prazo.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental denegoulle a esta empresa, en maio de 2015, a autorización ambiental por non ser un proxecto ambientalmente viábel polo seu impacto na reprodución e supervivencia da rá de San Antón, unha especie de interese comunitario e protección estricta presente nunha das charcas sobre as que se pretende asentar o vertedoiro.

A construción dun novo vertedoiro sobre terreos do Concello de Ordes pode supoñer a centralización definitiva dos vertidos de lixo sen tratamento previo de toda Galicia na comarca de Ordes.

A instalación deste novo vertedoiro podería perxudicar a calidade do aire na zona, o que ocasionaría problemas para a saúde da poboación, e afectaría moi negativamente aos intereses agrogandeiros do lugar, ocasionado un evidente dano na que é unha das principais actividades socioeconómicas da zona, tendo en conta, ademais, que a parcela onde se pretende ubicar deriva as súas augas ao río Lesta, afluente do Lengüelle, que á súa vez desemboca no Tambre, cos consecuentes prexuízos, que poderían chegar incluso á auga consumida en Santiago de Compostela.

Os efectos medioambientais deste vertedoiro superan con moito os límites do concello de Ordes ao dar un respaldo definitivo a un sistema de recollida de lixo baseado no transporte a longa distancia e ao depósito directo dunha alta porcentaxe de lixo sen tratar.

A asociación de afectados polo vertedoiro de Lesta presentaron alegacións redactadas por especialistas en bioloxía, herpetoloxía, botánica, tramitación ambiental e urbanismo que conclúen que a construción do vertedoiro é contraria aos intereses sanitarios, medioambientais e socioeconómicos de Ordes e de toda a Comarca. Alegacións que foron acompañadas por máis de 7.111 sinaturas contra esta construción. Asimesmo, presentaron tamén alegacións contra esta construción veciños particulares, a Asociación de Cazadores "A Chimenea" de Lesta, O BNG de Ordes, Amigos da Terra, a Federación Ecologista Galega, o Grupo Naturalista Hábitat e a Sociedade Galega de Ornitoloxía e Verdegaia.

A Corporación municipal de Ordes acordou por unanimidade, no pleno extraordinario celebrado o 31 de agosto de 2016, amosar o seu rexeitamento ao proxecto.

Por todo o anterior, o pleno da Deputación da Coruña acorda:

- Manifestar a súa repulsa á instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes, por danar os intereses socioeconómicos e medioambientais do concello e da comarca de Ordes.
- Declararse contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A Coruña, 30 de setembro de 2016

Julio Sacristán de Diego  
Portavoz do Grupo PSdG-PSOE

Xosé Regueira Varela  
Portavoz do Grupo do BNG

Agustín Hernández Fdez. de Rojas  
Portavoz Grupo Partido Popular

Daniel Díaz Grandío  
Portavoz do Grupo da Marea Atlántica

Manuel Dios Diz  
Portavoz Grupo Compostela Aberta

Ángel García Seoane  
Portavoz do Grupo Alternativa dos Veciños